



BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 3 PRAZAS DE PERSOAL LABORAL DE DURACIÓN DETERMINADA, PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DUN VEHÍCULO MOTOBOMBA PARA A CAMPAÑA DO ANO 2024.

BASE PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes bases regulan o procedemento selectivo para a contratación de 3 prazas de condutores/as de vehículos de motobomba para a extinción de incendios para a Campaña de Extinción de Incendios do ano 2024, contratacións financiadas pola Consellería do Medio Rural, segundo CONVENIO INTERADMINISTRATIVO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A EN ENTIDADE LOCAL, CONCELLO DE NEVES (AS) PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2023-2024, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PROGRAMA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (PDR) DE GALICIA 2014-2020 , asinado en data 25 de maio de 2023.

Entre as accións de prevención e defensa contra os incendios forestais a executar polo Concello das Neves no marco deste convenio para o ano 2026, figura a participación na defensa contra incendios mediante a actuación de **1 vehículo motobomba durante 3 meses**. Para tal finalidade se levará a cabo a contratación de 3 prazas de condutores/as.

BASE SEGUNDA. TIPO DE CONTRATO

A contratación que derive do procedemento selectivo será en réxime laboral temporal de duración determinada, baixo a modalidade de contratación no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e Fondos da Unión Europea previsto no Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. Disposición adicional quinta.



BASE TERCEIRA. CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS OFERTADAS:

As prazas ofertadas, teñen as seguintes características:

Os contratos terán unha duración de tres meses, sendo tódolos contratos a xornada completa. O comezo da operatividade do vehículo motobomba será entre os días 1 e 31 de xullo.

O VMB estará operativo 16 horas/día con carácter ordinario, con plena dispoñibilidade, acorde ao horario establecido, incluíndo nela os traballos en domingos, festivos nacionais, autonómicos e locais, así como as quendas de noite necesarias.

O carácter temporal destas prazas, unido á necesidade de que a selección se faga dentro dos prazos sinalados pola Consellería do Medio Rural, fai que se aproben os seguintes criterios para a selección do persoal, que en todo caso garanten suficientemente os principios de igualdade, mérito e capacidade, de obrigado cumprimento.

O sistema de selección será o de concurso.

BASE CUARTA. REQUISITOS:

As persoas interesadas en tomar parte nesta contratación, deberán reuni-los seguintes requisitos:

a) Nacionalidade:

- a.1) Ter a nacionalidade española.
- a.2) Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado en que, en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- a.3) Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estivesen separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.





b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

Segundo o establecido no convenio obxecto deste proceso de selección, os aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase ao aspirante decaído do seu dereito á contratación.

c) Idade: ter cumpridos 18 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Habilitación: non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpos ou escalas de persoal funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C.

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

BASE QUINTA. PUBLICIDADE

As presentes bases estarán expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica: <http://concelloasneves.sedelectronica.gal>, e na páxina web do Concello das Neves (www.asneves.gal). O taboleiro de anuncios do Concello e a súa sede electrónica, serán o medio nos que se comuniquen todos os actos derivados desta contratación.

BASE SEXTA. SISTEMA DE SELECCIÓN:



A selección efectuarase mediante oferta ao Servizo de Emprego na Oficina de Pontareas, quen proporá os/as candidatos/as que seleccionará o Concello conforme os criterios establecidos nestas Bases.

Debido á especificidade dos traballos a realizar, priorizaranse a contratación dos/a aspirantes que teñan experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais.

Tal como se establece na base sexta do Convenio, o Concello certificará que o persoal elixido para as actuacións deste convenio realizou un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para a realización do traballo. Na páxina web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico existe unha recomendación técnica sobre os procedementos para a elección de persoal para a extinción de incendios forestais, onde se describen os procedementos para os bloques de saúde e de condición física:

https://www.miteco.gob.es/es/biodiversidad/temas/incendios-forestales/seguridad/seleccion_personal_formacion_seguridad.aspx

O Concello será responsable de que exclusivamente se incorpore persoal que supere o recoñecemento médico e as probas físicas segundo esta recomendación técnica.

Tamén, figura no punto 2 da citada base quinta, o compromiso, por parte da entidade local para que que o persoal realice un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e a defensa contra os incendios forestais de 16 horas, que será impartido por persoal competente na materia do curso.

Este curso realizarase logo da selección de persoal e con anterioridade ao inicio da operatividade ou, no seu defecto, nos dous primeiros días desta. É unha formación obrigatoria para todo o persoal vinculado ás accións deste convenio, independentemente de que o realizaran con anterioridade.

BASE SÉTIMA.- DOCUMENTACIÓN E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.





As solicitudes dos/as candidatos/as enviados polo Servizo de Emprego, formalizaranse nos modelos que se xuntan a estas bases e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello das Neves, xunto cos méritos que aporten para a súa valoración, tendo como data límite o día que sexan convocados polo Servizo de Emprego para realizar a entrevista de selección.

As persoas candidatas quedan vinculados ós datos que fixeran constar na súa solicitude, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

BASE OITAVA. DESENVOLVEMENTO E FORMA DA FASE DE VALORACIÓN DE MÉRITOS:

Os méritos que se terán en conta para a cobertura das prazas, serán os seguintes:

A) Experiencia Laboral. Máximo 5,50 puntos.

a) Por cada mes traballado ó servizo da Administración Pública, en funcións relacionadas co posto a desenvolver (solo se valorará a experiencia en funcións relacionadas coa extinción de incendios) : 0,20 puntos por mes traballado.

b) Por cada mes traballado en empresas privadas, en funcións relacionadas co posto a desenvolver: 0,05 puntos por mes traballado.

Non se computarán as fraccións de mes.

A experiencia acreditarase mediante, os correspondentes contratos laborais e certificado de vida laboral, ou outros documentos que acrediten debidamente este mérito.

B) Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos pola Administración Pública ou entidades delas dependentes ou homologados. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do posto, non serán puntuados; non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas. Puntuación máxima por cursos de formación: 2,00 puntos:

Cursos, ata 10 horas: 0,10 por curso

Cursos de 11 a 20 horas de duración:0,20

Cursos de 21 a 50 horas de duración: 0,30 puntos por curso

Cursos de 51 a 100 horas de duración: 0,40 puntos por curso



Cursos de 101 horas de duración en diante: 0,50 puntos por curso

C) Coñecemento da lingua galega: Máximo 0,50 puntos:

Por estar en posesión do Celga 1: 0,10 puntos

Por estar en posesión do Celga 2: 0.15 puntos

Por estar en posesión do Celga 3 ou Curso de Iniciación a Lingua Galega: 0.20 puntos

Por estar en posesión do Celga 4 ou Curso de Perfeccionamento de Lingua Galega: 0.30 puntos

Celga 5 ou superiores: 0,50 puntos

Este mérito acreditarase mediante título ou certificado validado ou expedido pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia ou pola Escola Galega de Administración Pública ou por Centros Oficiais

No caso de acreditar varios cursos terase en conta só o de maior puntuación.

D) Entrevista persoal: Máximo 2 puntos.

As persoas candidatas deberán realizar unha entrevista cos membros da Comisión de Valoración, na que se tratarán aspectos relacionados coas funcións a desenvolver polos/as candidatos.

En caso de empate seleccionárase a persoa que teña máis experiencia laboral en tarefas de extinción de incendios.

Todos os méritos que se aleguen acreditaranse con copia dos títulos ou certificacións orixinais.

BASE NOVENA. TRIBUNAL DE SELECCIÓN:

O tribunal que vulgará os méritos alegados no concurso e na entrevista, que terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases, estará composto por cinco membros (presidente/a, secretario/a, con voz e voto e tres vogais).

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación ca esixida as persoas aspirantes ás prazas convocadas.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quenes se limitarán o exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base





da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas de acordo co establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

De acordo co establecido no artigo 60 do texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a ou das persoas en quen deleguen.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

A composición efectiva do tribunal determinada pola Sr. Alcalde, farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na súa sede electrónica.

BASE DÉCIMA.- Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, a Comisión formulará a correspondente proposta de designación a favor das 3 persoas candidatas que obtivesen a maior puntuación e superasen as probas de aptitude física.

O Sr. Alcalde procederá a efectualo nomeamento, asinándose coas persoas seleccionadas o corresponde contrato laboral de carácter temporal.

En caso de baixas ou substitucións, procederase o chamamento da seguinte persoa, por rigurosa orde de puntuación, na lista resultante desta selección.

BASE UNDÉCIMA. Presentación de documentación complementaria

Os aspirantes propostos presentarán no rexistro do Concello, no prazo máximo de 2 días hábiles contados desde a publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do concello a seguinte documentación:

Copia da tarxeta de desemprego

Copia da tarxeta da Seguridade Social

Certificado orixinal da titularidade de conta bancaria



BASE DUODÉCIMO. INTERPRETACIÓN DAS BASES.

As presentes bases vinculan á Administración Local convocante, á Comisión de Selección e as persoas candidatas que participen no proceso. A Comisión queda facultado durante o desenvolvemento do proceso de selección para resolver as dúbidas e incidencias que plantexen a súa aplicación, podendo adoptar resolucións, criterios e medidas naqueles aspectos non regulados na presente convocatoria.

BASE DÉCIMO TERCEIRA. NORMA FINAL.

Para o non previsto nestas Bases, rexerán como supletorias: a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia; Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local; Real Decreto 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, e demais disposicións concordantes.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Do mesmo xeito, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Asdo.: José Manuel Alfonso González, Alcalde-Presidente

As Neves, na data que figura ao marxe deste documento asinado electronicamente





ANEXO I
MODELO DE INSTANCIA

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

Recibindo convocatoria do Servizo Público de Emprego, para a selección do seguinte posto de traballo: Conductor/a Vehículo Motobomba para a extinción de incendios, mediante contratación laboral temporal polo Concello de As Neves.

DECLARA:

Que coñezo e acepto integramente o contido das bases de convocatoria, e reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, facéndome responsable da veracidade da documentación que achego.

Qué solicito ser admitido/da a esta selección e comprométome a someterme ás Bases que o regulan.

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma, sexa admitido/a ao proceso selectivo indicado.

Documentos que achega coa instancia:

DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade.

Carné de conducir requerido.

Declaración Xurada, conforme Anexo II

Acreditación documental xustificativa dos méritos alegados.





Protección de Datos

INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.A. REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS E CONSENTIMENTO) Concello das Neves (Responsable do Tratamento)

(*)Presto o meu consentimento para a xestión desta solicitude e actuacións administrativas pertinentes, así como do tratamento de datos para poder formar partes do proceso selectivo para o posto ofertado, tanto dos datos da propia solicitude así como da documentación que achego, acepto que ditos datos sexan utilizados para as actuacións administrativas pertinentes e o envío de información de interese xeral, tamén son informado/a neste intre e nas bases desta convocatoria en canto o tratamento e custodia dos datos persoais recabados polo Responsable de Tratamento e digo aceptar o fin da xestión de selección de persoal e a información básica sobre protección de datos deste Responsable de Tratamento (Concello das Neves), sendo a lexitimación o consentimento do/a solicitante.

Información relativa a tratamento e Protección de Datos (RXPd) e (LOPDGDD):

En cumprimento da **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)** e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os seus datos, serán incorporado o Rexistro de Actividades de Tratamento de Persoal, o tratamento dos seus datos farémolo co único fin da xestión e trámite do súa solicitude. No tratamento dos datos aplicaránse as políticas de seguridade que establece o ENS e RXPd, información do tratamento que pode consultar en: <https://concelloasneves.sedelectronica.gal/privacy.1> tamén pode exercer os dereitos que establece o RXPd dirixindo solicitude a este Responsable de Tratamento en **Praza da Cristiandade 1, AS NEVES (36440) (Pontevedra)** ou vía mail: concello@asneves.gal a, atención da Delegada de Protección Datos, facendo referencia o dereito que desexa exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

(*) marcar cun X no caso afirmativo.

....., de do 2024

(Sinatura do/a solicitante)

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS NEVES



ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome e apelidos	
DNI	
Enderezo	
Localidade	
Provincia	
Teléfono	

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico-psíquico que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que opto e de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, non estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

No caso de ter nacionalidade doutro Estado, declaro igualmente que non estou inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente, que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

As Neves, _____

Asdo.

